

Programación da Aula de Pedagogía Terapéutica

Curso 2019-2020

PT: Yolanda Baquero González



Colegio Hnos. Quizoga
PLURILINGÜE
36400 PORRIÑO

ÍNDICE

1.	<u>INTRODUCCIÓN</u>	3
2.	<u>OBXECTIVOS</u>	4
3.	<u>ACTIVIDADES</u>	5
4.	<u>METODOLOGÍA</u>	5
5.	<u>ORGANIZACIÓN</u>	6
6.	<u>AVALIACIÓN</u>	6
7.	<u>COORDINACIÓN</u>	6

1.-INTRODUCCIÓN

Durante o presente curso escolar 2019-2020, o Colexio Hermanos Quiroga, contará cunha especialista en Audición e Linguaxe e outra en Pedagogía Terapéutica a tempo completo, o que permitirá atender ás necesidades dos alumnos/as do centro dunha forma máis completa.

Traballaremos con alumnos de educación infantil e educación primaria.

Poderíamos clasificar aos alumnos que asisten ás aulas de apoio (AL e PT) en dous grupos:

- Alumnos con necesidades educativas especiais (ACNEE)
- Alumnos con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE)

Entre as necesidades detectadas nos nosos alumnos podemos destacar:

- Desfase curricular e ritmos de aprendizaxe moi distintos e lentos.
- Poucos hábitos de estudo e traballo en casa.
- Escasa motivación por aprender.
- Baixa autoestima e baixa tolerancia á frustración.
- Pouca autonomía na realización das súas tarefas académicas.
- Dificultades na lectura, expresión e comprensión oral e escrita, ortografía, numeración, cálculo e resolución de problemas. En canto a capacidades cognitivas básicas presentan un nivel moi baixo de razoamento e atención.

En xeral poderíamos dicir que os maiores inconvintes cos que tropezan nas súas tarefas de aprendizaxe son a linguaxe e o procesamento da información. É dicir, presentan déficit na expresión e comprensión oral e escrita e en cuestións de razoamento e lóxica.

Nalgúns casos presentan ausencia de hábitos organizados e problemas emocionais que lles impiden traballar de forma sistemática e efectiva, ocasionándolles desmotivación polas tarefas escolares.

2.-OBXECTIVOS

Relacionamos os obxectivos das nosas aulas de apoio con varios ámbitos:

Co profesorado, na súa colaboración para:

- Detectar as necesidades específicas dos alumnos.
- Realizar as adaptacións curriculares.
- Orientar en relación ás adaptacións metodolóxicas e organizativas do aula, así como os materiais e recursos que poden necesitar estes alumnos.
- Avaliar, conxuntamente co resto do profesorado a estes alumnos.

Cos alumnos/as:

- Contribuír á educación integral do alumnado, favorecendo a educación individualizada.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades do alumnado, mediante as correspondentes medidas educativas de atención á diversidade.
- Optimizar a atención educativa ao alumnado que presenta necesidades educativas especiais, potenciando a súa inclusión e adaptación escolar, aumentando a autoestima e confianza neles mesmos.
- Contribuír á detección temperá de dificultades de aprendizaxe no alumnado e adoptar as medidas educativas máis axeitadas en cada caso.
- Favorecer o máximo desenvolvemento das capacidades persoais, adquisición de competencias básicas e dos obxectivos do currículo para todo o alumnado, respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe de cada un.
- Realizar o seguemento do alumnado.

Co noso Departamento de Orientación:

- Servir de unión entre o titor/a e o Departamento de Orientación.
- Informar sobre a evolución dos alumnos.
- Aportar datos necesarios para as avaliacións.

Cos pais:

- Impulsar a participación da familia en todo o proceso educativo.
- Recoller información relevante.

- Colaborar xunto co titor/a en ofrecer canles de continuidade do proceso educativo no ámbito familiar.
- Asesorar á familia proporcionándolles orientacións precisas.

3.-ACTIVIDADES

Principalmente levaremos a cabo dous tipos de actividades, as que se corresponden coas actividades que levan a cabo o grupo de referencia destes alumnos nas diferentes materias; e doutra banda, as que tendan a cubrir as lagoas de aprendizaxe que presente cada alumno/a a fin de minimizar o seu desfase respecto ao grupo ordinario. Con respecto aos ACNEEs, levaremos a cabo actividades diferentes adaptadas ao seu nivel de competencia curricular.

En xeral podemos mencionar:

- Actividades de apoio educativo.
- Reforzo na lectura, escritura, cálculo e razoamento (técnicas instrumentais).
- Estratexias de aprendizaxe.
- Actividades lúdicas que animen e motiven á aprendizaxe voluntaria dos contidos.
- Actividades que favorezan o desenvolvemento socioafectivo e educativo dos alumnos e potencien a aprendizaxe significativa a partir dos coñecementos previos.

4.-METODOLOXÍA

Levaremos a cabo unha metodoloxía participativa, activa, funcional, significativa e interactiva.

Ao principio do curso realizaremos unha valoración psicopedagóxica e probas de avaliación inicial para obter información sobre o nivel de competencia que teñen os nosos alumnos e xunto co profesorado planificar un plan de actuación individualizado.

Adaptarémonos a cada caso de forma concreta para desenvolver as súas capacidades no maior grado posible, partindo sempre do seu nivel de competencia e ofrecéndolles todos os recursos necesarios para favorecer o seu proceso de ensinanza- aprendizaxe de forma significativa.

Buscaremos en todo momento fomentar a motivación con todo tipo de actividades presentadas de forma lúdica na medida do posible.

*A partires da situación excepcional provocada pola crise sanitaria (COVID-19) a realización das actividades será dirixida por vía telemática e os alumnos realizarán as

actividades nas súas casa. O envío e seguimento das actividades realizarase a través do correo electrónico, facéndolles chegar, de xeito individualizado, a cada un dos alumnos a través de documentos Word / PDF ou mediante enlaces para realizar as actividades en liña.

5.-ORGANIZACIÓN: AGRUPAMIENTOS E TEMPOS

A atención directa aos alumnos realizarase en pequenos grupos, que poderán sufrir modificacións en función do desenvolvemento dos mesmos.

En canto á temporalización realizaranse os apoios e o número de sesións tendo en conta os horarios das diferentes áreas, terán un carácter flexible e estarán organizados en función dos alumnos e as novas necesidades que poidan xurdir no centro.

Así mesmo tamén a haberá unha atención individualizada nos casos que o precisen, para dar maior resposta ás necesidades específicas.

*A partir da situación excepcional provocada pola crise sanitaria (COVID-19) o alumnado deberá realizar as actividades de forma individual.

6.-AVALIACIÓN

A avaliación dos alumnos realizarase en función dos criterios propostos en relación aos obxectivos programados. Estes poderán ser os relacionados co seu grupo de referencia, ou específicos do alumno en concreto.

Terá un carácter continuo e formativo, orientada tanto a detectar os progresos e dificultades dos alumnos, como á adecuación da práctica docente.

Así pois, destacamos tres momentos:

- Avaliación Inicial: para determinar o nivel de competencia curricular e as necesidades de programación.
- Avaliación Continua: para adecuar as actividades e os recursos aos obxectivos propostos.
- Avaliación Final: para determinar os logros obtidos polos alumnos e a adecuación da actividade docente.

*Durante a situación excepcional provocada pola crise sanitaria (COVID-19) seguirase realizando unha avaliación continua por vía telemática.

7.-COORDINACIÓN

Co centro:

- Co equipo directivo a través do departamento de orientación.
- Co departamento de orientación: reunións semanais.
- Cos titores e profesores de área, cos que teremos que establecer un horario en función das necesidades e demandas que vaian xurdindo durante o curso.

Cos pais:

Dispoñemos dunha hora á semana para atención a pais.

*Durante a situación excepcional provocada pola crise sanitaria (COVID-19) seguirase estando en contacto co equipo directivo, cos titores, cos alumnos e coas familias dos alumnos para calquera tipo de suxestión, dúbida ou apreciación.